

ARTE



Soledad Pite cun dos seus cadros da exposición 'Nos lindeiros da auga', na galería Espacio 48 de Santiago

F.B.

O encanto do lugar

Moitos lugares, entre os que cabe cita-los arredores de Santiago, viron acacer cambios importantes na súa fisionomía debidos, entre outros factores, á demanda de solo para a construción. Antigas edificacións que actualmente non cumpren a súa tradicional función son demolidas ou quedan en ruínas, con todo o poder evocador que lle suxiren a moitas persoas sensibles ó peso da historia.

Paisaxistas, constructores e arquitectos séntense atraídos polos descampados, pola periferia das cidades e polos espazos abandonados, recuperándoos con intervencións e rehabilitacións que transforman totalmente o espacio urbano. Compostela é un bo exemplo deste fenómeno urbanístico que se estende como mancha de aceite e afecta á maioría dos municipios que a circundan.

Os tradicionais camiños e recunchos que se perden con esta "depreedación" poderían dicirse que case pertencen a Soledad Pite Sanjurjo (pintora nacida en Cacheiras) pois lánzase a eles como unha naturalista á captura de estimulantes excursións que a enriquezan con novos coñecementos. Atráena eses lugares onde reposan formas, emanan ideas, descansan soños e murmuran intimidades. Ese é un dos motivos que a levan a abandonar-lo trafego da vida moderna e a internarse por vellas e antano transitadas corredoiras, que hoxe só inspiran a persoas de sensibilidade extrema ou romanticismo que parece (aínda que non o sexa) totalmente trasnoitado.

A artista traballa *in situ* á maneira dos impresionistas para logo, no seu taller, continúa-lo seu inicial labor utilizando formatos, con frecuencia apaisados, seguindo a tendencia humana de habitar

máis a horizontal que a fría verticalidade moderna, ó estilo das grandes torres.

Nos seus lenzos incrusta referentes desas saudables saídas ó campo ou das súas esporádicas viaxes facendo o contorno obxectivo. Buscou eses recantos e paisaxes que moitos cidadáns descoñecen e ó mellor non pisan nunca, para presentalos como metáfora de humanidade. Por eles saltan e brincan as musas dunha realidade que cada vez se nos antolla máis distante pero que en épocas moi próximas era totalmente cotiá.

É lóxico que nas imaxes parciais dos parques de Aveiro (A Venecia portuguesa) ou de Santo Domingo de Bonaval (dúas das súas obras recentes) apareza integrada a auga, ese elemento positivo tan asociado á feminidade á que se sente tan vinculada a artista. A auga non só alimenta a vida dos parques, os seus antigos lavadoiros ou pias de pedra, senón a toda a súa pintura sumida no primixenio.

As fontes supoñen unha presenza case constante na súa obra, que se impoñen creando profundidades perspectivas, identificadas co lugar concreto polos seus trazos específicos e ó tempo representan outras fontes dotando o cadro de intertemporalidade eterna. Regatos e canos fanlle valorar, ó contemplador desta pintura paisaxista, o silencio destes lugares gratamente acostumbrados ó rumor da auga que cae por tódalas partes.

A luz e a auga venecianas atraeron a numerosos artistas de todo o mundo; as vellas fontes de Compostela foron inmortalizadas mil veces ó longo da historia. Renoir, na cidade dos canais, saíu acompañado de máis dunha vintena de

cadros. O pincel da artista tamén recrea a lagoa veneciana, non nos seus intensos azuis senón baixo unha sorprendente tormenta que transforma o contorno en vermellos estridentes. A lagoa ocupa dous tercios do lenzo, podendo repetir coma un espello, fielmente, cada detalle na duplicación das súas igrexas e vellos palacetes, pero só actúa de espello do seu creador neste caso Soledad Pite, internándonos na súa persoa, unha artista que se refuxia na súa propia intimidade, que busca o marabilloso da natureza, dunha chuvia que nos acompaña con frecuencia, ou do meandro dun río. Todo cotián para o contorno no que se desenvolve pero glaseado cun matiz misterioso tornado en ocasións en sombriza atmosfera. Esta pintura involucre ó que a mira nunha sorte de complicidade permitíndolle achega-las súas propias experiencias persoais. Para enxaiza-la natureza, exaltada por Rilke, Pite aproveita os achados do informalismo concretados en incisións, chorreos, esgrafiados e os materiais grumosos que fan da mirada destes espazos algo diferente e irrepitible que só pertence ó que os contempla.

Soledad Pite forma parte dunha estirpe de pintores. Ela é profesora de debuxo no compostelán Rosalía de Castro; o seu marido tamén é pintor e os seus fillos herdán o "oficio" de seus pais. No acto de inauguración da súa última mostra, celebrado o pasado día 21 na galería de arte Espacio 48, na capital de Galicia, volveu reunir en torno á súa obra a críticos de arte e personalidades moi diversas, que ven nesta profesora a unha cualificada representante do paisaxismo figurativo.

Fátima Otero

CINE

Pecha os ollos

Pecha os ollos ou non entres na sala, porque 'Vanilla Sky' é un capricho inútil, un brodio insoportable, un xogo de antollos de quen se pode permitir gastar cartos a moreas para esnaquizar un guión orixinal atrevido, insinuante e movedido como era o orixinal de 'Abre los ojos' pensado por Amenábar.

Conste que xa a base argumental da película do mozo talento español –agora parece que case intocable– tampouco estaba lonxe do despeno polo abismo da pedantería e a confusión, pero como a súa plasmación en imaxes foi máis críptica e suxerente soubo salva-los perigos con brillantez. Cameron Crowe, en cambio, só trata de traducir a simpleza aquela idea e o único que consegue é esnaquizarlas en luz baleira.

'Vanilla Sky' machica e machica no argumento con analítica de infante ata a desesperación, rouba todo misterio, emoción, temor ou desasosego que debaixo da historia puidera haber. É un plaxio innecesario, baldeiro, perdido. A fronteira zona dos soños, da memoria e da morte que debería latexar en cada plano queda transformada nun andel con imaxes de escaparate, de anuncio de fruslerías, planos de bixutería facilmente recoñecible. O que podería ser unha xeométrica trama de intelixentes ángulos, zonas escuras, medos e suspense, queda reducido a simple soldadura gosoira de "secretitos" e confesións aclaratorias que todo o confunden e degradan... Todo son trampas. Todo é un antollo inútil sen substancia, increíble, enganoso.

Nin Penélope Cruz é a luz capaz de cegar a un estúpido novo rico, nin Cameron Díaz a perigosa muller cravada no subconsciente, nin Tom Cruise engancha por ningún momento o vertice que debería tronzalo en cada despertar, en cada mirada.

Todos están baleiros e sen sangue, sen misterio nin emoción, todo é mecánica de enredo de balde, fácil, programado e sen sutileza.

Dixo Amenábar ó ver 'Vanilla Sky' que era a mesma canción con voces diferentes. Que vai dicir o home... Se a súa película invitaba a abri-los ollos porque había algo que desentrañar, que intuír, que sospeitar, esta só pide que os pechemos; non hai nada que ver, porque ademais, xa postos a rexoubar, Penélope Cruz está feísima.

Miguel Suárez Abel